



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 28 DE MAIO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **Dª. Mª. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **Dª. Teresa Vicente Baz**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**

Non asiste o concelleiro Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia Mª Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado días 16 de maio de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

PUNTO 2.- ACORDOS

Dase conta do informe da Técnico de Información Xovenil da Guarda relativo á realización das actividades de:

- campamento urbano de verán cunha cota de 60 € por neno
- curso de fotografía cunha cota de 20€ por participante.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar estas actividades así como as cotas correspondentes.



**C O N C E L L O
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Vista a resolución do 30 de abril de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014, a Xunta de Goberno Local, Organo competente para elo, ACORDA SOLICITAR AS SEGUINTES SUBVENCIÓN S DE ACORDO CO ESTE CADRO:

1.- PROGRAMA DE APOIO OS CIM

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Subvención ao emprego estable no CIM para o desempeño dos postos de dirección, asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico	24.105,93 €	24.105,93 €
Subvención para a contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación de servizos de asesoramento xurídico e psicolóxico do CIM	16.500,00 €	16.500,00 €
TOTAL	40.605,93 €	40.605,93 €

2.- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN E TRATAMIENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XENERO.

2.1.- Area de promoción da igualdade

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Actividades dirixidas á poboación infantil para favorecer a coeducación	4.500,00 €	3.510,00 €

2.2.- Area de prevención e tratamiento da violencia de xenero

Actuacion	Orzamento	Importe que se solicita
Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xenero	6.000,00 €	4.680,00 €



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 2.817 de data 23 de maio de 2014, presentado por D. JAVIER DEL AMO FONTÁN, en representación de CLUB DE TENIS CODESAL, con enderezo a efectos de notificacións no Aptdo. de Correos, nº 91 da Guarda, solicitando que se lle conceda uha praza de estacionamento para discapacitados nas proximidades de acceso ó clube.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar un informa da Policía Local.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de ABRIL DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 2.732 de data 20 de maio de 2014 presentado por DNA. GLORIA DE LOS REYES MARTINEZ MUÑOZ, con domicilio na rúa Travesía de Vigo, nº 144-10º B de Vigo, en representación de Asociación Cultural e Deportiva A Cento Cien, solicitando permiso para realizar a parte que transcurre polo municipio da Guarda da ruta motera que van realizar o vindeiro 8 de xuño de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 21 de maio de 2014 comunicando a sentencia ditada o 7 de maio de 2014 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 7024/2014 entablado polo Concello da Guarda contra a sentencia ditada o 5 de decembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 304/12 entablado pola Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Álvarez Álvarez contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo Concello da Guarda o 19 de outubro 2007 derivada da anulación de licencia de obras por sentencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra confirmada en apelación pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentencia e acorda entablar recurso de casación en interese de lei contra a mesma ante o Tribunal Supremo designando ó efecto como procurador a D. Enrique Auberson Quintana-Lacaci. Acorda tamén dar traslado da sentencia e deste acordo ós departamentos de Tesoureira e Intervención para que contemplen a cantidade establecida na mesma nos orzamentos municipais e a paguen dentro das posibilidades á favor de Comunidad Hereditaria de Ignacio Alvarez. Asimesmo deben iniciarse os trámites



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

pertinentes para a reclamación do pago da indemnización ás aseguradoras Mapfre e Generali.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 21 de maio de 2014 comunicando a sentencia ditada o 14 de maio de 2014 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4464/2013 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra sentencia ditada o 10 de xuño de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 257/12 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 5 de maio de 2011 pola concesión de licencia de parcelación o 10 de decembro de 2010 pola Xunta de Goberno Local a favor da entidade Construcciones I y J Lima. S.L. no barrio de San Roque, interesando a revisión da mesma.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentencia de 14 de maio de 2014 e acorda dar traslado de mesma e do expediente administrativo á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia. Asimesmo acorda comunicarlle a sentencia a Construcciones I e J Lima, S.L. como interesados no expediente.

Lese o escrito RE 2.758 de data 21 de maio de 2014, presentado por Dª. REGINA PEREZ IGLESIAS , con enderezo en San Andrés de Comesaña – Camiño Toseira, nº 26 de Vigo (CP. 36213), solicitando un aumento do posto nº 61 do Mercado da Guarda ata a cantidade de 12 metros.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.570 de data 13 de maio de 2014, presentado por D. JOSE MANUEL ALDEA DORADO, en calidade de Xerente de ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando autorización para a celebración o vindeiro día 7 de xuño de 2014 da Feira Outlet.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.571 de data 13 de maio de 2014, presentado por D. JOSE MANUEL ALDEA DORADO, en calidade de Xerente de ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando o peche ó tráfico das rúas Joaquin Alonso e Vicente Sobrino para a celebración da Feira Outlet o vindeiro día 7 de xuño.



C O N C E L L O A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e infórmalle que o dispositivo será o seguinte:

- cortaranse ó tráfico as rúas Joaquin Alonso e Vicente Sobrino (tamén se prohibirá o estacionamento)
- A rúa Brasilino Alvarez terá saída pola rúa Antonio Alonso;
- A rúa Pacífico Rodríguez só terá saída por Concepción Arenal (non se permitirá xirar hacia Vicente Sobrino).

Lese o escrito RE 2.603 de data 14 de maio de 2014, presentado por D. JOSE MANUEL ALDEA DORADO, en calidade de Xerente de ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando autorización para a colocación de pancartas e adornos na vía pública con motivo da Feira Outlet que se vai celebrar o día 7 de xuño de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado pero debe cumplir a normativa municipal.

Lese o escrito RE 2.269 de data 30 de abril de 2014, presentado por D. JOSE MANUEL ALDEA DORADO, en calidade de Xerente de ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando un listado actualizado de asociacións, grupos culturais, empresariais, deportivos, etc...

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o rexistro oficial e actualizado é o que figura na páxina web do Concello da Guarda, ainda que se está neste momento en proceso de elaboración dun novo listado.

Lese o escrito RE 2.943 de data 28 de maio de 2014, presentado por D. JAIME ALVAREZ MAURI, con enderezo na rúa Julian López, nº 11-2º da Guarda, solicitando a anulación do recibo do 4º trimestre de 2013 de consumo de auga municipal do obxecto tributario Rosentes, nº 0 xa que se produciu unha lectura excesiva.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo correspondente ó 4º trimestre de 2013 e emitir un novo pola media ponderada.

Sendo as catorce horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.